

TRAXECTORIAS E RETOS

ISSN: 1887-2417
D.L.: C 3069-2007

Programas formativos no CEIDA baseados na participación dos axentes implicados

Araceli Serantes Pazos¹ e Carlos Vales Vázquez²

¹ Universidade da Coruña- CEIDA

² CEIDA

Resumo

A aprendizaxe significativa, os cambios de hábitos e comportamentos, os compromisos e accións proambientais teñen máis posibilidades de ser viables e perdurar se as persoas destinatarias son actores e non meros receptores. Neste artigo faise unha reflexión sobre os procesos de participación na formación, apartir do desenvolvemento no CEIDA de dúas actividades de intercambio de experiencias e de reflexión conxunta sobre problemáticas sectorais actuais.

Abstract

Significative learning, changes in habits and behaviours, commitments and actions in favour of the environment are more likely to be successful and lasting if the people at which they are aimed are active participants, and not merely recipients. This essay reflects on the processes of participating in training, based on two activities carried out by CEIDA, which involved sharing experiences and reflecting together on the problems that currently affect the different sectors.

Palavras chave

participación, diagnóstico participativo, Foro, Rede, democracia, educación ambiental

Key-words

participation, participative diagnosis, forum, web, democracy, environmental education

Introducción

Para que muitos dos proxectos que se levan adiante, desde entidades públicas e privadas, relacionados coa conservación da biodiversidade e do patrimonio, sexan factibles é preciso un amplo respaldo social e a corresponsabilidade das administracións e dos cidadás.

Etimolóxicamente participación significa “ser parte” de algo, “tomar parte” en algo, “ter parte” nalgunha cousa. Trátase das accións nas que os suxectos son protagonistas, nun ámbito onde é posible tomar decisións.

A participación constitúe na actualidade unha ferramenta chave nos proxectos de Educación Ambiental; a intervención directa das persoas é imprescindible para que sexa exitosa calqueira proposta para mellorar, conservar e custodiar o patrimonio natural e cultural. Tal e como se recoñecía no preámbulo da Carta da Terra –redactada en Río no 1992 polos movementos sociais (IEPALA, NGONET E ITEM, 1994)– é necesario crear novos niveis de cooperación entre os Estados, os sectores chave da sociedade e as persoas.

As sociedades democráticas maduras van mudando a tradicional visión da democracia baseada en modelos *representativos* (a través dos partidos e as eleccións de representantes) por modelos *participati-*

vos baseados na maior implicación das e dos cidadáns nos procesos de decisión. Fronte á toma de decisións exclusivamente dos Gobernos, mediante os seus representantes políticos eleixidos lexítimamente, vai tomamdo forza unha “nova” cultura de deliberación e decisión, onde a sociedade civil ten máis protagonismo. Fronte aos modelos de “*democracia forte*” onde o cidadán é só un votante, emerxen formas nas que as distancias entre representantes e representados son cada vez menores, através das cales recupérase a confianza nas institucións e fornécese o concepto de cidadanía, e que vaise denominar “*democracia participativa*”.

Máis a participación que non vai acompañada dunha boa estratexia de comunicación perde eficacia; o equipo que presentou exemplos de participación na xestión na Rede Natura 2000 concibe a *comunicación* e a *participación* como “*dúas caras da mesma moeda*” (Javier GÓMEZ-LIMÓN, 2007, páx. 26). Definamos entón ambos conceptos, comunicación e participación ambiental.

Ricardo DE CASTRO (1999, páx. 5) define a *comunicación ambiental* como “o proceso de desenvolvemento e intercambio de mensaxes entre diversos actores co obxectivo de promover a extensión de coñecementos, actitudes e comportamentos *proambientais* e *sostibles*”; pola súa banda, Francisco Heras (2006, páx. 229) define a participación cidadá como “o

proceso polo cal as persoas 'toman parte' na resolución dos problemas, achegan a propia creatividade, os puntos de vista, os coñecementos e os recursos e comparten a responsabilidade na toma de decisións".

O traballo que se ven desenvolvendo dede o CEIDA a través dos Foros persigue dar visibilidade as demandas e o compromiso dos actores en distintos sectores, crear unha oportunidade de mostrar as súas aportacións e inquiredanzas, xerar epazos de debate productivo, definir accións de forma participada e presentarlle ao resto da sociedade oportunidades de colaboración ante problemáticas ambientais que requiren o compromiso de toda a cidadanía.

Con este traballo quérese afondar no sentimento de identidade, tal e como o entende Manuel CASTELLS (2001, páx. 29), facendo referencia a Anthony GIDDENS, como "*fontes de sentido para os propios actores e por eles mesmos son construídas mediante un proceso de individualización*". Este autor, CASTELLS, define o "sentido" de estas identidades "*a identificación simbólica que realiza un actor social do obxectivo da súa acción*" (*Ibid.*, páx. 29).

Estes Foros baséanse na *presentación do estado da cuestión* a través dos programas e actuacións desenvolvidas polas persoas participantes (o que permitirá ir aproximándonos a un *diagnóstico*) e no *traballo en grupo* para valorar e propor medidas de actuación como colectivo (*visión pros-*

pectiva). Os Foros, polo feito de analizar colectivamente problemas sectoriais con persoas e colectivos, poden ser definidos como *diagnósticos participativos*, que permiten deseñar e construír novos escenarios de acción proambiental.

A educación ambiental non debería ser considerada de forma reduccionista, só como unha ferramenta para solucionar problemas ambientais e modificar comportamentos; debería integrar unha dimensión social que ten que ver coas condutas deliberadas e éticamente fundamentadas (Lucie SAUVÉ, 2006, páxs. 221-222). Dito doutra forma, debe potenciar un pensamento crítico, capaz de analizar as complexas relacións entre os procesos naturais e sociais, para poder actuar cunha perspectiva global ao tempo que diferenciada polas diferentes condicións naturais e culturais (Enrique LEFF, 2002).

Os riscos e as vantaxas da participación en educación ambiental (ou en calquera outro ámbito de acción)

Existen unha serie de debilidades nos procesos participativos que habería que ter en conta para, na medida do posible, evitalos. Pola contra, estes procesos teñen unha serie de fortalezas que os convirten en valiosas estratexias para a educación

ambiental, ás que non se debería renunciar. A continuación, preséntanse algunhas destas características.

Non son poucas as veces nas que a participación é unha forma encuberta de utilizar á xente cuns fins definidos a priori pola organización que propicia o encontro: o risco da manipulación. Tamén, sábese que a maior parte dos cidadáns non acuden a foros deliberativos, polo que poden converterse en espazos elitistas pouco representativos.

A participación require unha aprendizaxe e unha metodoloxía que facilite tomar parte nos procesos de deliberación e acción. Ezequiel ANDER-EGG (1999, páx. 22) recorda que non hai un *“cromosoma da participación”*, máis ao contrario, nos procesos educativos fórmannos maioritariamente para competir, mentras que a participación basease na cooperación.

Os procesos participativos, o mesmo que a educación ambiental, terían que ser contrahexamónicos e polo tanto *“revolucionarios”*, o que de por si xera resistencias e temores, sobre todo nos sectores máis conservadores. Máis a educación é de por si directiva e política, conservadora e reproduce o modelo social dominante; por todo iso, concordamos con Paulo FREIRE (1993, páx. 112) que o papel dos diferentes axentes educativos debe ser o de facilitar outras lecturas do mundo, diferentes e incluso antagónicas, para que os que re-

ciben a información e as propostas de acción teñan a oportunidade de decidir, como exercizo de dereito, de liberdade, sempre dentro duns límites éticos (e ecolóxicos).

Non hai que esquecer o chamado *“modelo de elección racional”* elaborado por Mancur OLSON (1965) segundo o cal os individuos participarán en accións colectivas sempre que os beneficios esperados superen o custe da súa acción. Este autor di que as accións colectivas sen incentivos ou coacción, non son viables: os procesos participativos deben levar explícitos os fins, o para que.

Outro dos perigos destes procesos é a tendencia a perpetuarse e perder polo tanto ese carácter procesual. As movilizacións caen na tentación de formalizarse, de formar organizacións e polo tanto de deixar de ser un recurso, para converterse nun fin. Os procesos participativos poden (e deben) potenciarse desde organizacións máis non deben aspirar a convertirse noutro tipo de organización, senón en ser espazos mobilizadores; tampouco son *“movimentos sociais”* propiamente ditos, se entendemos estes como *“as parcelas da poboación que se mobilizan e se organizan na loita polos intereses colectivos, na defensa e garantía de mellores condicións de vida e de respecto á dignidade da persoa humana”* (Euclides MANCE, 2003, páx. 25).

Ao ser a participación un proceso, require de muito máis tempo e os resultados as

veces fánse esperar. Máis, pola contra, as decisións que se toman de forma participada teñen máis forza e apoio, e dificilmente poden ser manipuladas. O reto é contar cunha boa planificación que permita dinamizar e vislumbrar resultados ao longo do proceso, un plan de acción estratéxicamente concebido para non caer no desánimo, na desmotivación o una desmovilización.

A educación ambiental, coas súas prácticas e accións, poderíase definir como un “movemento social” no sentido que sinala Jorge RIECHMANN (1995, páx. 19): non se trata de revelións desde as marxes, senón de accións colectivas desde sectores do medio, desde os supostos beneficiarios da orde sociopolítica existente. Aínda que para moitos autores (Susana CALVO e José GUTIÉRREZ, 2006; Lucie SAUVÉ, Renée BRUNELLE e Tom BERRYMAN, 2006) isto constitúe unha contradicción, tamén poderíamos considerala como unha das potencialidades –da participación en EA–: trátase dun movemento xa institucionalizado, que en moitos casos representa espazos de poder e decisión. A participación da cidadanía desde a EA constitúe unha posibilidade para promover cambios.

Francisco HERAS (2006, páxs. 230-233) sinala os seguintes beneficios da participación:

- Contribúe a unha resolución máis eficaz dos problemas

- Fomenta a integración social ao reforzaren e ao estruturaren as comunidades
- Desenvolve o sentido de pretenza e a identificación das persoas co seu medio
- Proporciona oportunidades para a aprendizaxe e para exercer a responsabilidade ambiental
- Facilita que os intereses da xente sexan tidos en conta ao correxir tendencias tecnocráticas
- Pode prever os conflitos
- Permite comprender mellor as decisións acadadas
- Proporciona maior lexitimidade ás decisións tomadas
- Pode facilitar a continuidade das intervencións decididas
- Resulta necesaria en situacións de incerteza

Como organizamos a participación nos Foros no CEIDA?

Durante o ano 2006 e 2007 celebráronse no CEIDA dos Foros con fins, actores e obxectivos diferentes, máis cunha metodoloxía de traballo similar que permitiu coñecer e abordar dous ámbitos de intervención co compromiso de moitos dos e das participantes.

O 25 de marzo de 2006 celebrouse a 1ª *Xornada sobre iniciativas de Recuperación e Diculgación do Patrimonio Marítimo*

Galego; o 14 de abril do 2007 celebrouse o *1º Foro de Educadoras e Educadores Ambientais de Galicia*.

A nivel organizativo, unha das primeiras cuestións foi decidir quen ía participar e baixo que criterios. En ambos os dous casos estaban ben definidos os obxectivos:

- no primeiro intentábase dar a coñecer o que se estaba a facer por diferentes movementos sociais e ONG arredor do mundo do mar, co fin de debatar e acordar criterios para a conservación do mesmo.
- no segundo, divulgar o traballo dos profesionais e perfilar as debilidades do sector co fin de definir estratexias formativas que axuden a palialas.

Lidia OCHOA e Anna M^a GELI (2004, pax.11) sinalan tres opcións á hora de participar: a través da *ciudadanía organizada* (representantes de organizacións e colectivos), con cidadás e cidadáns a *título individual* ou nun *proceso mixto* a través de representantes e persoas interesadas. Os dous encontros foron de carácter voluntario e, seguindo a tipoloxía das autoras mencionadas, cun *proceso mixto*, xa que se fixeron convites expresos a entidades ou persoas que desde a organización considerábanse de interese as súas aportacións, ao tempo que se abriu a inscrición a calquera entidade ou persona interesada.

No primeiro dos casos, estiveron participando representantes de asociacións, entidades e administracións que están relacionadas co mundo do mar e, no segundo, participaron educadoras e educadores ambientais a título persoal, así como representantes de colectivos e empresas. Neste último non houbo representantes ou traballadores das administracións.

A estrutura organizativa foi moi similar en ámbolos dous casos:

- *Conferencia marco* a cargo dun ou dúas persoas convidadas
- *Foro de experiencias* presentando comunicacións de 10 minutos por parte dos asistentes
- *Feira* na que se expuñan traballos e materias que aportaron os asistentes (publicacións, maquetas, cartaces, fotografías, etc.)
- *Grupos de traballo* para debatir temas propostos previamente
- *Conclusións e recomendacións* por parte dos membros Foros

Respecto ao perfil dos participantes foi moi diverso no primeiro caso, e exclusivamente profesionais do sector no segundo.

O perfil dos ponentes no Foro sobre a cultura marítima foi moi representativo e equilibrado respecto a heteroxeneidade do sector:

40%	Federacións e asociacións
33%	Xunta de Galicia e Concellos
27%	Empresas e Confradías de Pescadores e mariscadoras

Poderíamos pensar que a participación comenza e remata coa celebración do evento, máis o compromiso de seguir convocando anualmente conxuntos en referentes estables, e fai viable o obxectivo de manter estruturas de diálogo e consulta.

En ámbolos dous casos, estes Foros constituiron un importante espazo de intercambio e recollida de información, tanto do que se está a facer, como das percepcións e opinións das persoas participantes.

I Xornada sobre iniciativas de Recuperación e Divulgación do Patrimonio Marítimo galego

O 25 de marzo de 2006 celebrouse esta actividade, enmarcada nunha das liñas prioritarias de traballo do CEIDA: a conservación e posta en valor do medio mariño.

Para Galicia trátase dun patrimonio estratéxico, tanto a nivel económico e social, como ambiental. Presentáronse 45 iniciativas relacionadas co mundo do mar: museos e centros de interpretación do mar, traballos de recuperación de embarcacións tradicionais e de sistemas de navegación,

recolleira de música mariñeira, sistemas sostibles de marisqueo, ofertas de turismo mariñeiro e turismo náutico, accións para a conservación de mamíferos mariños, traballos de investigación etnográfica... o que diu un boa mostra das numerosas iniciativas que se están a desenvolver de forma voluntariosa e aillada.

Neste foro participaron 14 entidades no espazo adicado ás comunicacións, o *Foro de experiencias*: unha ponencia marco do Colectivo Etnográfico Mascato e 13 comunicacións breves nas que intentouse que estiveran representados distintos ámbitos de traballo, sectores e áreas xeográficas.

Na Feria de experiencias expuseron 23 colectivos materiais moi diversos (memorias de actividades, exposicións, maquetas, material impreso... ata unha dorna!!!¹), convertíndose este espazo nun lugar de encontro e intercambio real.

Organizáronse 4 mesas de traballo temáticas que superaron as expectativas da organización en canto á participación. En cada grupo seguíronse distintas dinámicas para fomentar a participación e o debate, e que posibilitaron a redacción de conclusións e recomendacións en cada un deles.

¹ Embarcación tradicional galega, de orixe nórdico –das invasións vikingas– que aínda se atopa no sul de Europa.

O Foro clausurouse coa posta en común dos resultados de cada mesa. Destacar as seguintes recomendacións:

- a necesidade urxente de recuperar o patrimonio marítimo inmaterial
- dignificar o traballo no mar e defender sistemas de explotación que garanten un reparto equitativo
- contemplar a declaración de Areas Mariñas Protexidas e Reservas Extractivas
- crear unha rede virtual estable ao amparo da xa creada pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

I Foro de Educadoras e Educadores Ambientais

O 14 de abril do 2007 déronse cita 51 educadoras e educadores ambientais para presentar iniciativas que estaban a desenvolver en distintos eidos, así como debater propostas de innovación no campo.

En Galicia non se tiña celebrado ningún encontro destas características, e entre os profesionais do sector votábase en falta un espazo onde coñecer o que se está a facer na Comunidade, así como intercambiar preocupacións e atopar espazos formativos.

Expuséronse 18 iniciativas, 2 como ponencias marco (a presentación do CEIDA como proxecto formativo e lugar de en-

contro e o Proxecto Fenix como avaliación da educación ambiental galega dirixido pola Sociedade Galega de Educación Ambiental). As outras 16 comunicacións breves foron relatorios de actividades, experiencias e metodoloxias de traballo.

En canto ao perfil das persoas que fixeron comunicacións:

37%	membros de asociacións
37%	representantes de empresas de EA
18%	equipamentos de EA
8%	voluntarios

Contouse ademáis coa participación do Teatro Buratini que, utilizando monicreques, xustificaron e exemplificaron un xeito de abordar a problemática do mar a través desta técnica teatral.

Só se constituíu un grupo de traballo, dividido en grupos pequenos de discusión, nos que se abordaron as necesidades formativas do sector, os temas que preocupan ao colectivo, así como o papel que demandan do CEIDA en canto a formación e dinamización.

Na Feira só expuseron traballos as persoas participantes como relatores.

Nas conclusións do Foro, púxose de manifesto a necesidade que sinte o colectivo de formarse en estratexias metodolóxicas máis que en contidos. Solicitouse que desde o CEIDA se abordaran temas

emerxentes de tipo socioambiental (soberanía alimentaria, urbanismo e ordenación do territorio, cambio climático, democracia ambiental...). Propúsose a edición e divulgación de boas prácticas no ámbito. Valorouse moi positivo poder celebrar anualmente espazos de encontro como o celebrado, onde ademáis de compartir experiencias desenvolvidas na Galiza, convidárase a outras exitosas noutros países.

Algunhas das conclusións dos Foros

A primeira das conclusións, común en ambos dous Foros, é a existencia dun grande colectivo, apasionado polo seu ámbito de traballo ou adicación, tremendamente heteroxéneo, o que é ao tempo constitúe unha fortaleza dos dous sectores pero que tamén pode chegar a ser unha debilidade.

Tamén foi unánime o sentimento en ambas as dúas experiencias do descoñecemento do colectivo, e do que se está a facer por outras entidades, o que se concretou na demanda de espazos de comunicación e divulgación das experiencias, parecendo oportuno seguir con este formato.

Na I Jornadas sobre Patrimonio Marítimo Galego comprometeuse a organización a publicar as actas como un futuro referente na conservación do patrimonio marítimo, o

compromiso de apoiar accións formativas por parte do CEIDA e a constitución dunha rede que permita asumir accións de maior embergadura.

No I Foro de educadoras e educadores ambientais de Galicia propónse seguir convocando espazos para coñecer e divulgar proxectos e experiencias que pudesen resultar exemplarizantes ou innovadoras. Houbo un grande acordo respecto a como debería ser a formación que se está a ofrecer ao colectivo desde o CEIDA, e pídese que sexa complementaria respecto á formación inicial, abordando:

1. *diferentes ámbitos temáticos*: botánica, zooloxía, etnografía, normativa e regulacións, urbanismo e planificación do territorio, soberanía alimentaria, custodia do territorio, interpretación do territorio, cambio climático...
2. *distintas metodoloxías de intervención cos grupos*: comunicación eficaz, provocación ambiental, dinámicas de grupos, creatividade, metodoloxías participativas, técnicas teatrais, contacontos...
3. *diversos instrumentos*: avaliación, programación de actividades, deseño de obradoiros, relacións cos medios de comunicación... e
4. *variedade de destinatarios*: nenos e nenas, persoas adultas, vellas e vellos, xuventude, persoas con discapacidades, público xeral, colectivos profesionais ou técnicos...

Valoración dos procesos participativos desenvoltoos. Retos futuros

Os ragos clave dos procesos participativos son a inclusividade, a deliberación, a influencia (Javier GÓMEZ-LIMÓN, 2007, páxs. 31-32) aos que poderíamos engadir a información e a influencia na toma de decisións (Francisco HERAS, 2006, páxs. 236-241).

1. A *inclusividade* entendida como a capacidade de incorporar o conxunto de visións existentes que garantan que os procesos sexan máis ricos e as tomas de decisións recollan un amplo aspecto de pareceres.
2. A *deliberación* como proceso de reflexión conxunta que permitexerar novas ideas e o replantexamento de posicións de partida.
3. A *influencia* das aportacións do grupo vai depender do apoio e respaldo social e a capacidade de serrar despostas utis, polo que é preciso non serrar falsas expectativas e facendo visibles as limitacións existentes.

Un dos logros da Xornada arredor do mundo do mar foi crear a oportunidade de coincidir representantes de distintas administracións, de escoltar diferentes puntos de vista e intereses a ter en conta. A deliberación conxunta sobre temas de interese e a participación de persoas

influentes en distintos sectores converte o Foro nun importante referente, e onde se entreve a posibilidade de que algunhas das recomendacións e conclusións podan ser vinculantes.

A participación das educadoras e educadores ambientais no Foro permitiu visibilizar a un colectivo que traballa en condicións de aillamento pero que ten moitos intereses e demandas comúns. A falta de representantes das distintas administracións con competencias favoreceu un clima de traballo entre iguais, máis agora hai que conseguir facer chegar as recomendacións e conclusións aos lugares de toma de decisións en canto a formación e profesionalización.

Conclúese, tras estas experiencias, que a creación de redes parece o camiño lóxico para a análise dos problemas ambientais porque son globais e complexos, con moitos actores e intereses, as veces enfrentados; tamén porque permite operar solucións e a realización de accións conxuntas. Todos os escenarios sociais veñen definidos polas persoas que participan neles e os seus intereses, crenzas e percepcións; esta diversidade é de por si conflictiva. O funcionamento en rede supón tamén unha vía para mitigar situacións conflictivas, certas carencias e problemas estruturais.

A participación é un instrumento para a xestión e comunicación, complexo e que

require unha aprendizaxe, máis os resultados aos que se chega por este proceso son moito máis democráticos, duradeiros e representativos dos diferentes pareceres.

Entendemos que o CEIDA, ao convocar os Foros con esta metodoloxía de traballo está a converterse nun dinamizador social (Araceli SERANTES, 2007, páx. 44), na medida que está a promover proxectos de intervención socioeducativa, de interese para a cidadanía, co obxectivo de transformar á sociedade e profundar na convivencia democrática. Así, o reto de futuro é facer chegar as conclusións e recomendacións á sociedade galega, e en particular, ás persoas que toman decisións, ao tempo que favorecer a consolidación de redes de formación, reflexión e intercambio que permitan abordar problemas ambientais dun xeito democrático.

Referencias bibliográficas

- ANDER-EGG, Ezequiel (1999): "Participación cidadana y protagonismo de la sociedad civil" en *Ciclos, Cuadernos de comunicación, interpretación y educación ambiental*, nº 5, páxs. 22-23.
- CASTELLS, Manuel (2001): *La era de la información. Economía, sociedad y cultura. El poder de la identidad*. Vol 2. Madrid: Alianza Editorial.
- CASTRO, Ricardo de (1999): "Retos y oportunidades de la comunicación para el cambio ambiental" en *Ciclos, Cuadernos de comunicación, interpretación y educación ambiental*, nº 5, páxs. 5-8.
- FREIRE, Paulo (1993): *Pedagogía de la esperanza: un reencuentro con la "Pedagogía del Oprimido"*. México: Siglo XXI.
- GÓMEZ-LIMÓN, Javier (Coord.) (2007): *enREDando. Herramientas para la comunicación y la participación social en la gestión de la red Natura 2000*. Madrid: Fundación Fernando González Bernaldez e Europarc-España.
- HERAS, Francisco (2006): "A participación como proceso de aprendizaje e coñecemento social" en *ambientalMENTEsustentable, Revista científica galego-lusófona de Educación Ambiental*, nº 1-2, páxs. 229-242.
- IEPALA, NINET e ITeM (1994): *Construyendo el futuro. Foro Internacional de ONG y Movimientos Sociales*. Madrid: Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente
- LEFF, Enrique (2002): *Saber ambiental: sustentabilidad, racionalidad, complejidad, poder*. México: Siglo XXI.
- MANCE, Euclides André (coord.) (2003): *Como organizar redes solidárias*. Rio de Janeiro: DP&A.
- OCHOA, Lidia e Anna M^a Geli (2004): "Como articular la participación en las Agendas 21 Locales?" en *Ciclos, Cuadernos de comunicación, interpretación y educación ambiental*, nº 14, páxs. 9-13.
- OLSON, Mancar (1965): *The Logic of Collective Action*. Cambridge: Harvard University Press.
- RIECHMANN, Jorge (1995): "Hacia un marco teórico para el estudio de los nuevos modelos sociales" en Jorge RIECHMANN e FRANCISCO FERNÁNDEZ BUEY, *Redes que dan libertad. Introducción a los nuevos movimientos sociales*. Barcelona: Paidós. Páxs.: 15-45.
- SALVÉ, Lucie (2006): "Perspectivas curriculares para la formación de formadores en educación ambiental" en *CENEAM, Reflexiones sobre educación ambiental II*. Bilbao: Ministerio de Medio Ambiente. Páxs.: 219-232.
- SALVÉ, Lucie; Renée BRUNELLE e Tom BERRYMAN (2006): "Educar para el debate. Políticas nacionales y educación ambiental" en *Trayectorias. Revista de Ciencias Sociales*, nº 20-21, páxs. 74-88.
- SERANTES, Araceli (2007): "Los equipamientos para la educación ambiental como dinamizadores sociales" en *Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa*, nº 35, páxs. 43-55.